



XOVES

I+D+i

Estimados/as amigos/as:

Dende a [Axencia Galega de Innovación \(GAIN\)](#) continuamos informando sobre as novidades de [Horizon 2020](#), adicando un terceiro boletín ás [grandes iniciativas](#) que se desenvolven no marco deste Programa.

Xa comentamos cómo as políticas de I+D da Comisión Europea foron complementándose con outros programas e iniciativas xurdidas ao longo do FP7 e que continúan en Horizon 2020. Estas grandes iniciativas son: as [Asociacións Público Privadas](#) (PPP), as [Iniciativas Tecnolóxicas Conxuntas](#) (JTI), as [Iniciativas de Programación Conxunta](#) (JPI), as [Asociacións Europeas para a Innovación](#) (EIP), as [ERA-NETs](#) e as [iniciativas baixo o artigo 185](#) do Tratado.

As Iniciativas de Programación Conxunta (JPIs polas súas siglas en inglés) pretenden acadar a coordinación dos Estados Membros para financiar investigación, tanto dende un punto de vista temático como económico, desenvolvendo axendas comúns de investigación (SRAs), coa finalidade de **abordar retos sociais** que non poden ser resoltos por un só Estado de maneira individual.

As JPIs póñense en marcha coa **participación voluntaria** daqueles Estados Membros interesados en reenforzar os obxectivos dos seus plans nacionais cara os obxectivos comúns aceptados, así como a tomar as medidas necesarias para a implementación común.

As JPIs iniciadas ata o momento son:

[Alzheimer e outras enfermidades neurodexenerativas \(JPND\)](#)

[Agricultura, seguridade alimentaria e cambio climático \(FACCE\)](#)

[Unha dieta sa para unha vida saudable \(JPI HDHL\)](#)

[Patrimonio, cultura e cambio climático; un novo reto para Europa](#)

[Europa urbana - retos urbanos globais, solucións conxuntas europeas](#)

[Conectando o coñecemento sobre Clima para Europa \(CliK'EU\)](#)

[Máis anos, mellores vidas - potencial e retos do cambio demográfico](#)

[Resistencia antimicrobiana - o reto microbiano, unha ameaza crecente para a saúde humana](#)

[Retos da Auga para un mundo cambiante](#)

Mares e océanos sans e productivos

España lidera xunto con Holanda a JPI WATER e co-lidera con Noruega e Bélxica a JPI OCEANS. Nas demais, España participa con distintos graos de compromiso. O Instituto de Salud Carlos III (ISCIII) participa directamente nas catro JPI relacionadas con temas de saúde (Enfermedades Neurodexenerativas e Alzheimer, Unha Dieta Sa para unha Vida Saudable, Potencial e Retos do Cambio Demográfico e Resistencia Antimicrobiana).

Podedes atopar información adicional sobre a participación española nas JPIs na web do [Ministerio de Economía y Competitividad](#).

Esperamos que esta información vos resulte de interese.

¡Ata o próximo xoves!



Se non desexa recibir este boletín pode vostede darse de baixa enviando un mail a informa.gain@xunta.es dende a conta na que desexe anular a suscripción.